

# A subversión das palabras

**NARRATIVA** Sinal de identidade da narrativa de Sende é o humor, cóctel de retranca fina, ironía rebordante e hilaridade sutil a partes iguais.


**Armando Requeixo** Texto

**E** scribín nalgún lugar que Séchu Sende é unha ánima literaria desacougue, capaz dos máis insólitos propósitos: domar pulgas, cruzar o Curdistán, enfeitizar cativos nas aulas, idear e deseñar os máis fantásticos animais, crear exitosas campañas de publicidade, establecer plataformas sociolingüísticas e ata maxinar xogos de rol. Con ese currículo ao carrello pódese esperar calquera cousa da súa imaxinación. Poño por caso: que institúa *A república das palabras*.

Através Editora — non cansarei de dicilo: un dos selos que, nos últimos tempos, ten dado a luz algúns dos máis interesantes volumes publicados entre nós— acolle esta nova aventura autorial do padronés na que reúne máis de tres ducias de textos breves, fundamentalmente relatos, que conectan o presente literario do escritor con anteriores apostas, pois as temáticas, as técnicas e mesmo os motivos de moitas destas prosas son xa vellas teimas que transversalizan toda a súa produción.

Regresa aquí, por tanto, esa súa lideira sensible ao sociolingüístico, aposta en clave identificada que xa figuraba, abundosa, en *Made in Galiza* e que tamén neste libro se fai evidente en textos como “Guía sexual da Sociolingüística”, “13 colherinhas numa caixinha negra”, “Manifesto publicitário da língua”, “Pobrinh@, não fala galego”, “Um tipo mui bem educado”, “Topónimos exóticos na Galiza” ou “Aprender a não falar galego”.

Sinal de identidade da narrativa de Sende é tamén o humor, cóctel de retranca fina, ironía rebordante e hilaridade sutil a partes iguais. Este dicir



***A república das palabras***  
**Séchu Sende**  
**Através, 2015**

**Através Editora -un dos selos que, nos últimos tempos, ten dado algúns dos máis interesantes volumes publicados entre nós— acolle esta nova aventura autorial do padronés, na que reúne máis de tres ducias de textos breves que conectan o presente literario do escritor con anteriores apostas, pois o motivo destas prosas son vellas teimas en toda a súa produción.**

benhumorado preside moito do anecdotario destas prosas e mesmo axuda a bascular o patetismo de certas situacións que, doutro xeito, se vivirían como lacerantes en exceso.

*A república das palabras* de Sende sabe tamén da subversión do fantástico inesperado que moitas veces obriga á relectura reveladora (“Fragilidade”, “Flash”, “A mulher e os caracóis”, “A língua da mulher de verde”); das historias insólitas con personaxes desusados (así en “Sol e os carriços”, tan próximo a *Animais*); os contos de lendario urbano (“A mugideira”) e mesmo de airexa surreal (“A guitarrista e a terra”); as paráfrases históricas ou literarias (“As palabras de Kunta Kinte”) ou as narracións de vibrante emotivo (“O peixe voador”, “A mulher que não podia sonhar” ou “Viva”).

Nada achegan ao conxunto, porén, ocorrencias de anécdota insubstancial como “No autocarro”, “Estimado senhor Malkovich”, “A esquina do mantel” ou “Os paus chineses” e fanlle fraco favor os tópicos de estética ultrapasada cos que o autor cose os catro poemas contados que infiltra no libro.

Mais non cabe dúbida de que *A república das palabras* resulta, por xunto, un libro no que a habelencia para servirse de diferentes códigos xenéricos (epistolar, publicitario, conversacional, programático, cinematográfico etc.), así como a capacidade para adelgazar o relatado e lograr o máximo partido ao mínimo dos recursos, gañan o lector, que non deixará de sorrir, complicemente, con moitas das situacións e reflexións ás que convida.